



DE: INTERVENTORA MUNICIPAL.

A: SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA.

ASUNTO: Informe relativo á prórroga do orzamento 2018 ao exercicio 2019.

INT/2018/000344-1

INFORME DE INTERVENCIÓN

=====

Dona Trinidad Gómez Reiriz, na súa calidade de Interventora municipal, en cumprimento do preceptuado nos artigos 4.1.g) do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e 21.4 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, emite o seguinte:

INFORME:

PRIMEIRO. A normativa de aplicación é a seguinte:

1. Artigo 169.6 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
2. Artigo 21 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de Presupostos (actualmente Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo).
3. Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.
4. Disposición Final Terceira. Orde EHA/3565/2008, pola que se aproba a estrutura dos presupostos das entidades locais.(modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo).

SEGUNDO. O procedemento para levar a cabo a prórroga é o seguinte:

A. Se requirirá informe da Intervención sobre o contido do Presuposto prorrogado, no que se concreten os créditos prorrogables e, no seu caso, os axustes que sobre o mesmo se deban practicar.



B. Á vista do informe de Intervención, por Resolución de Alcaldía se aprobará o Presuposto prorrogado, de conformidade co establecido no artigo 21.4 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

TERCEIRO. En virtude do principio presupostario de anualidade, tamén denominado de especialidade temporal, cada Presuposto constitúe un cadro independente e separado do correspondente a outro exercicio económico ao desplegar os seus efectos durante o exercicio presupostario coincidendo éste có ano natural, e o terminar o ano, a vida presupostaria se extingue para renacer, o inicio do exercicio seguinte, un novo Presuposto aprobado.

Establece a Lei que, se por calquera motivo, o iniciarse o exercicio económico non houbese entrado en vigor o Presuposto correspondente, de conformidade co establecido no artigo 169.6 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, se considerará automática-mente prorrogado o do exercicio anterior, co límite de sus créditos iniciais, sen prexuízo das modificacións que se realicen sobre o presuposto prorrogado conforme o disposto nos artigos 177, 178 e 179 de dito Texto Refundido, e ata a entrada en vigor do novo Presuposto.

Non obstante, de acordo co dito artigo e co artigo 21.2 do Real Decreto 500/1990, en ningún caso terán a consideración de prorrogables **as modificacións de crédito, os créditos para servizos ou programas que deban rematar no exercicio anterior ou que estén financiados con crédito ou outros ingresos específicos ou afectados.**

CUARTO: O presuposto prorrogado está suxeito os mesmos principios de nivelación presupostaria que o presuposto definitivo, polo cal debe aseverarse a coincidencia cuantitativa entre os créditos eliminados da prórroga efectuada e os correlativos ingresos.

No caso de que exista unha marxe de diferenza entre os créditos prorrogables e o límite global dos créditos iniciais, de acordo co artigo 21.3 do Real Decreto 500/1990 poderán realizarse sobre os créditos inicialmente prorrogados **axustes o alza**, sempre que **concorran simultaneamente** as circunstancias seguintes:

- Que existan compromisos firmes de gastos a realizar no exercicio corrente, que correspondan a unhas maiores cargas financeiras anuais, xeradas por operacións de crédito autorizadas nos exercicios anteriores.
- Que a marxe dos créditos non incorporables, relativo á dotación de servizos ou programas que tiveran rematado no exercicio inmediato anterior, permitan realizar o axuste correspondente ata alcanzar o límite global sinalado aunque soamente se poidan dotar parcialmente os maiores compromisos vinculados o reembolso das operacións de crédito correspondentes.

Os referidos **axustes o alza** deberán ser obxecto de imputación ás correspondentes aplicacións do Presuposto prorrogado mediante resolución motivada do Alcalde, previo informe de Intervención. (A este respecto, debe terse en conta que o presuposto se prorroga polo importe dos créditos iniciais do exercicio anterior descontado o importe dos créditos que non teñan a consideración de prorrogables (art. 21.2 R.D.



500/90), polo que de ter que incluír **axustes o alza** estos se levarán a cabo tras abrir o presuposto cargado axustado á baixa, e se rexistran contablemente como unha modificación de crédito cuantitativa (conta 002.7 Axustes por prórroga presupostaria).

QUINTO.

A) En base ao exposto, os **axustes á baixa** que deberían efectuarse sobre os créditos iniciais do orzamento do exercicio 2018, a fin de que non se prorrogasen os créditos establecidos no artigo 21.2 del Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, son os que de seguido se relacionan:

Capítulo	Denominación	C.I 2018	AXUSTES BAIXA	C.I 2019
I	Gastos do Personal	10.361.666,19 €	0,00 €	10.361.666,19 €
II	Gastos en bens correntes e servizos	10.572.427,90 €	0,00 €	10.572.427,90 €
III	Gastos financeiros	82.000,00 €	0,00 €	82.000,00 €
IV	Transferencias correntes	2.843.766,63 €	0,00 €	2.843.766,63 €
V	Fondo de Continxencia	118.889,30 €	0,00 €	118.889,30 €
VI	Inversións reais	1.350.000,00 €	-1.173.597,16 €	176.402,84 €
VII	Transferencias de capital	128.500,00 €	0,00 €	128.500,00 €
VIII	Activos financeiros	150.000,00 €	0,00 €	150.000,00 €
IX	Pasivos financeiros	1.733.428,08 €	0,00 €	1.733.428,08 €
TOTAL GASTOS		27.340.678,10 €	-1.173.597,16	26.167.080,94

A continuación explicarase brevemente os motivos dos axustes a baixa realizados por importe global de **- 1.173,597,16€**.

1º.- Créditos para servizos ou programas que deban rematar no exercicio anterior: (43.597,16€):

Non son prorrogables **43.597,16€** de dotación para os seguintes investimentos por ter sido executados e rematados no exercicio 2018:

Aplicación gastos	Denominación Proxecto	Aporta. Municipal
-------------------	-----------------------	-------------------



151	600	XUSTIPRECIO TERREOS AVDA. RIVERO AGUILAR	35.078,28
135	6320077	ACHEGA MUNICIPAL SUBVENCION INEGA 2018	6.139,80
453	63200	REFORMA PORTA NAVE SERVIZO MUNICIPAL DE OBRAS	2.379,08
			43.597,16

2º.- Créditos que estén financiados con crédito ou outros ingresos específicos ou afectados: (1.130.000,00€):

Non son prorrogables **1.130.000,00€** en base á minoración dos ingresos afectados procedentes do préstamo previsto no orzamento 2018 para financiar o anexo de investimentos 2018.

- B) Como consecuencia directa dos axustes á baixa no estado de gastos expostos no apartado 5º A).2, os **axustes á baixa** que deberían efectuarse sobre as previsións iniciais do orzamento do exercicio 2018 por tratarse de ingresos específicos e/ou afectados que non van a percibirse no 2018, son os que de seguido se relacionan e que se corresponden cós ingresos do capítulo 9 procedentes do préstamo concertado no exercicio 2018 para o financiamento parcial do Anexo de Investimentos 2018:

Capítulo	Denominación	P.I 2018	AXUSTES BAIXA	P.I 2019
I	Impostos directos	10.052.156,96 €	0,00 €	10.052.156,96 €
II	Impostos indirectos	374.507,36 €	0,00 €	374.507,36 €
III	Taxas e outros ingresos	5.946.938,32 €	0,00 €	5.946.938,32 €
IV	Transferencias correntes	9.684.658,11 €	0,00 €	9.684.658,11 €
V	Ingresos patrimoniais	2.417,35 €	0,00 €	2.417,35 €
VI	Alleamento de inversións reais	0,00 €	0,00 €	0,00 €
VII	Transferencia de capital	0,00 €	0,00 €	0,00 €
VIII	Activos financeiros	150.000,00 €	0,00 €	150.000,00 €
IX	Pasivos financeiros	1.130.000,00 €	-1.130.000,00 €	0,00 €
TOTAL INGRESOS		27.340.678,10 €	-1.130.000,00	26.210.678,10

SEXTO: Aplicados os axuste á baixa indicados sobre os créditos iniciais, resulta unha **marxe de diferenza** entre os créditos prorrogables e o límite global dos créditos iniciais de **1.173.597,16 €**, derivada de créditos do capítulo 6 financiados con recursos propios pero que amparaban investimentos que remataron no exercicio 2018 e que polo tanto no poden ser obxecto de prorroga (**43.597,16€**), e de créditos financiados con recursos afectados e específicos como que non van a percibirse no exercicio



2019 e polo tanto tampouco poden ser obxecto de prórroga,(Préstamo 2018-1.130.000,00€), presentando a seguinte distribución por aplicación orzamentaria:

Prog.	Económ.	Descripción	Créditos Iniciais	C.PRORROGADOS	AXUSTES BAIXA
132	62300	SEGURIDADE-INV. NOVA MAQUIN., INSTAL. E FERRAMENTA	67.186,29	0,00	-67.186,29
150	640	XERENCIA URB.-PROXECTOS	147.900,00	147.900,00	0,00
151	600	URBANISMO-INVERSIÓNS EN TE- RREOS	230.082,72	0,00	-230.082,72
151	61900	URBANISMO-OUTRAS INV. REPOSIC. INFRAESTRUC.	5.850,00	5.850,00	0,00
161	61900	SANEAMENTO-OUTRAS INV. REPO- SIC. INFRAESTRUC.	20.652,84	20.652,84	0,00
161	62900	SANEA., AUGA-OUTRAS INVER. N. ASOC. O FUNCIONAL OPERAT. S.	150.000,00	0,00	-150.000,00
161	633	SANEAMENTO-REPOSI. MAQUIN., INSTALA. E FERRAMENTA	6.139,80	0,00	-6.139,80
165	633	ALUMEADO PBLCO.-REPOSI. MA- QUIN., INSTALA. E FERRAMENTA	15.943,50	0,00	-15.943,50
170	62300	MEDIO AMBIENTE-INV. NOVA MA- QUIN., INSTAL. E FERR.	6.000,00	0,00	-6.000,00
171	62300	XARDÍNS-INV. NOVA MAQUIN., INS- TAL. E FERR.	50.000,00	0,00	-50.000,00
231	62500	ACCIÓN SOCIAL-INV. NOVA MOBILIA- RIO	1.000,00	1.000,00	0,00
334	63200	CULTURA-INVER. REPOSIC. EDIF. E OUTRAS CONST.	115.000,00	0,00	-115.000,00
336	61900	PROTECC. PATRIMONIO-OUTRAS INV. REPOSIC. INFRAESTRUC.	150.000,00	0,00	-150.000,00
432	60000	TURISMO-INV. NOVA EN TERREOS	16.380,00	0,00	-16.380,00
453	61900	ESTRADAS-OUTRAS INV. REPOSIC. INFRAESTRUC.	200.000,00	0,00	-200.000,00
453	63200	ESTRADAS-INVER. REPOSIC. EDIF. E OUTRAS CONST.	2.379,08	0,00	-2.379,08
454	619	CAMIÑOS MEDIO RURAL-OUTRAS IN- VER. DE REPO. EN INFRA. E BENS	102.985,77	0,00	-102.985,77
920	62300	ADMÓN. XERAL-INV. NOVA MAQ., INSTAL. E FERRAMENTA	50.000,00	0,00	-50.000,00
920	624	ADMÓN. XERAL-ELEMENTOS DE TRANSPORTE	5.000,00	0,00	-5.000,00
2412	62300	ESCOLA OBRADOIRO-INV. NOVA MA- QUIN., INSTAL. E FERRAMENTA	1.000,00	1.000,00	0,00
3261	62300	CONSERVATORIO-INV. NOVA MA- QUIN., INSTAL. E FERRAMENTA	3.500,00	0,00	-3.500,00
3261	632	CONSERVATORIO-EDIFICIOS E OU- TRAS CONSTRUC.	3.000,00	0,00	-3.000,00
TOTAL			1.350.000,00	176.402,84	-1.173.597,16

Pola súa parte aplicados os axuste á baixa indicados sobre as previsións iniciais o orzamento de Ingresos vese loxicamente minorado nos conceptos de ingresos nos



que se producirá unha redución das PI en base a súa natureza de ingresos específicos, obtendo axustes á baixa por importe global de **1.130.000,00€** co seguinte detalle:

Eco.	Previsiones Iniciales	PI. Prorrogadas	Axustes baixa
913	1.130.000,00	0,00	-1.130.000,00
CAP 9	1.130.000,00	0,00	-1.130.000,00
TOTAL	1.130.000,00	0,00	-1.130.000,00

Da diferenza entre os axustes á baixa no estado de ingresos e os axustes a baixa no estado de gastos obtense unha marxe de **43.597,16€** e en consecuencia, poderíamos facer **axustes o alza** no estado de gastos como máximo ata dita contía, dentro do suposto legalmente permitido que é a existencia de compromisos firmes de gastos a realizar no exercicio 2019 por unha maior carga financeira; tomando como referencia o estado da débeda para o exercicio 2019 remitido pola Tesourería Municipal, para o 2019 contamos cunha menor carga financeira anual por importe de **-310.215,48€** o que obedece ás amortizacións anticipadas, ás operacións de refinanciamento levadas a cabo, así como á finalización de préstamos.

En consecuencia **NON** procede realizar axuste o alza sobre o orzamento prorrogado e a marxe resultante entre as Previsións Iniciais e os Créditos iniciais de **43.597,16€**, pasará a constituirse como **superávit inicial do orzamento prorrogado ao exercicio 2019**.

SÉTIMO: Na mesma resolución de prórroga se poderán acumular acordos sobre a incorporación de remanentes de crédito do Presuposto do exercicio anterior que, neste caso, non se verán afectados polas limitacións anteriores, senon que únicamente deberán respetar a Normativa que afecta a este tipo de modificacións presupostarias.

Debe terse en conta que o Presuposto prorrogado, en tanto non se dispoña do definitivo que, en todo caso, se aprobará con efectos de 1 de xaneiro, ademais do suposto de incorporación de remanentes, poderá ser obxecto de calquera das restantes modificacións presupostarias previstas na Lei.

Tanto as modificacións presupostarias como os axustes o alza efectuados sobre o Presuposto prorrogado, se entenderán feitos sobre o Presuposto definitivo, salvo que o Pleno dispoña no propio Acordo de aprobación deste último que determinadas modificacións ou axustes se consideran engadidos nos créditos iniciais, en cuxo caso deberán anularse os mesmos.

OITAVO: O contido do orzamento prorrogado para o ano 2019, sería, polo tanto, o resultante da aplicación ós créditos iniciais do orzamento do exercicio 2018 (último orzamento aprobado), dos axustes á baixa sinalados no punto quinto do presente informe, ou, o que é o mesmo, o resultante da prórroga dos créditos iniciais axustados á baixa do orzamento vixente (2018), sen que procedan axustes á alza:



Total créditos iniciais no Estado de Gatos do exercicio 2019: **26.167.080,94 euros:**

Capítulo	Denominación	C.I 2018	AXUSTES BAIXA	AXUSTES ALZA	C.I 2019
I	Gastos do Personal	10.361.666,19 €	0,00 €	0,00 €	10.361.666,19 €
II	Gastos en bens correntes e servizos	10.572.427,90 €	0,00 €	0,00 €	10.572.427,90 €
III	Gastos financeiros	82.000,00 €	0,00 €	0,00 €	82.000,00 €
IV	Transferencias correntes	2.843.766,63 €	0,00 €	0,00 €	2.843.766,63 €
V	Fondo de Continxencia	118.889,30 €	0,00 €	0,00 €	118.889,30 €
VI	Inversións reais	1.350.000,00 €	-1.173.597,16 €	0,00 €	176.402,84 €
VII	Transferencias de capital	128.500,00 €	0,00 €	0,00 €	128.500,00 €
VIII	Activos financeiros	150.000,00 €	0,00 €	0,00 €	150.000,00 €
IX	Pasivos financeiros	1.733.428,08 €	0,00 €	0,00 €	1.733.428,08 €
TOTAL GASTOS		27.340.678,10 €	-1.173.597,16	0,00	26.167.080,94

Total previsións iniciais no Estado de Ingresos do exercicio 2019: **26.210.678,10 €:**

Capítulo	Denominación	P.I 2018	AXUSTES BAIXA	AXUSTES ALZA	P.I 2019
I	Impostos directos	10.052.156,96 €	0,00 €	0,00 €	10.052.156,96 €
II	Impostos indirectos	374.507,36 €	0,00 €	0,00 €	374.507,36 €
III	Taxas e outros ingresos	5.946.938,32 €	0,00 €	0,00 €	5.946.938,32 €
IV	Transferencias correntes	9.684.658,11 €	0,00 €	0,00 €	9.684.658,11 €
V	Ingresos patrimoniais	2.417,35 €	0,00 €	0,00 €	2.417,35 €
VI	Alleamento de inversións reais	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
VII	Transferencia de capital	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
VIII	Activos financeiros	150.000,00 €	0,00 €	0,00 €	150.000,00 €
IX	Pasivos financeiros	1.130.000,00 €	-1.130.000,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL INGRESOS		27.340.678,10 €	-1.130.000,00	0,00	26.210.678,10



En consecuencia o orzamento prorrogado para o exercicio 2019 en termos consolidados (Concello+fundación de Deportes), é o seguinte:

RESUMO XERAL_ ORZAMENTO PRORROGADO CONSOLIDADO / 2019						
ORZAMENTO ECONÓMICO DE GASTOS						
CA P	DENOMINACION	ENTIDADE LOCAL	O.O.A.A.	TOTAL	ELIMINACIONES	ORZAMENTO CONSOLIDADO
		CI	CI	CI		
	A)OPERACION CORRENTES	23.978.750,02	1.116.895,00	25.095.645,02	1.052.000,00	24.043.645,02
1	Gastos de persoal	10.361.666,19	494.500,00	10.856.166,19	0	10.856.166,19
2	Gastos bens correntes	10.572.427,90	502.345,00	11.074.772,90	0	11.074.772,90
3	Gastos financeiros	82.000,00	50,00	82.050,00	0	82.050,00
4	Transferencias correntes	2.843.766,63	120.000,00	2.963.766,63	1.052.000,00	1.911.766,63
5	Fondo continxencia	118.889,30	0,00	118.889,30		118.889,30
	B)OPERACIONES DE CAPITAL	304.902,84	30.000,00	334.902,84	0,00	334.902,84
6	Inversións reais	176.402,84	30.000,00	206.402,84	0,00	206.402,84
7	Transferencias de capital	128.500,00	0,00	128.500,00	0,00	128.500,00
	C)OPERACIONES FINANCIERAS	1.883.428,08	0,00	1.883.428,08	0,00	1.883.428,08
8	Activos financeiros	150.000,00	0,00	150.000,00	0	150.000,00
9	Pasivos financeiros	1.733.428,08	0,00	1.733.428,08	0	1.733.428,08
	TOTAL	26.167.080,94	1.146.895,00	27.313.975,94	1.052.000,00	26.261.975,94
ORZAMENTO ECONÓMICO DE INGRESOS						
CA P	DENOMINACION	ENTIDADE LOCAL	O.O.A.A.	TOTAL	ELIMINACIONES	ORZAMENTO CONSOLIDADO
		PI	PI	PI		
	A)OPERACION CORRENTES	26.060.678,10	1.146.895,00	27.207.573,10	1.052.000,00	26.155.573,10
1	Impostos directos	10.052.156,96	0,00	10.052.156,96	0	10.052.156,96
2	Impostos indirectos	374.507,36	0,00	374.507,36	0	374.507,36
3	Taxas, Prezos Públicos e outros ingresos.	5.946.938,32	62.010,00	6.008.948,32	0	6.008.948,32
4	Transferencias correntes	9.684.658,11	1.073.000,00	10.757.658,11	1.052.000,00	9.705.658,11
5	Ingresos patrimoniais	2.417,35	11.885,00	14.302,35	0	14.302,35
	B)OPERACIONES DE CAPITAL	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
6	Alleamento de inversións reais	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
7	Transferencias de capital	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	C)OPERACIONES FINANCIERAS	150.000,00	0,00	150.000,00	0,00	150.000,00
8	Activos financeiros	150.000,00	0,00	150.000,00	0	150.000,00
9	Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00	0	0,00
	TOTAL	26.210.678,10	1.146.895,00	27.357.573,10	1.052.000,00	26.305.573,10

NOVENO: Análise do cumprimento dos principios de equilibrio, estabilidade, e regra de gasto.

1. Equilibrio Orzamentario:

Os orzamentos consolidados municipais, prorrogados para o exercicio 2019 ascenden á contía de **26.305.573,10€ en ingresos, e 26.261.975,94€ en gastos**, presentándose cun *superavit* inicial de **43.597,16€**, se ben dito *superavit* non responde ás esixencias establecidas no artigo 193 do Texto Refundido da Lei de



Facendas Locais 2/2004, xa que a que a liquidación do exercicio 2017 volveu a amosar un Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais positivo de 2.615.131,76 euros, (Informe de Intervención INT/2018/20), se non que é consecuencia dos axustes realizados sobre os créditos iniciais nos termos explicados nos apartados quinto e sexto do presente informe.

Asemade cúmprese co principio de non afectación de Ingresos a gastos, salvo nos casos previstos na Lei, polo que debe cumprirse a ecuación de equilibrio de gastos con financiamento afectado, que implica que:

Ingresos Cap. 1+2+3+4+5 maior o igual que Gastos Cap. 1+2+3+4+9

O Ingresos calculados conforme á premisa anterior son superiores ós Gastos no importe de **497.389,30 euros**.

2. Principio de estabilidade orzamentaria:

O artigo 19.3 do RDL 2/2007 de 28 de decembro, sinala que as Entidades Locais, no ámbito das súas competencias, axustarán os seus orzamentos ó principio de estabilidade orzamentaria, entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiación acorde coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

Neste sentido a capacidade de financiamento medirase de xeito que o importe dos ingresos non financeiros (Capítulos 1 a 7 de ingresos) deban ser iguais ou superiores ós gastos non financeiros (Capítulo 1 a 7 de gastos); para a estimación dos DRN a 31/12/2018 tómesese aplicase una porcentaxe de inexecución do 2% por ser a que veuse aplicando durante a vixencia do Plano de Axuste RDLei 4/2012 e responder a criterios de prudencia mínimos, e para a estimación das ORN a 31/12/2019 se estima unha execución do 100% e se incrementa polo importe do crédito destinado a IFS financiadas con cargo o superávit 2017 e que deberían executarse no 2019:

Capítulos 1 a 7 de ingresos	25.539.464,54 euros
-----------------------------------	---------------------

Capítulos 1 a 7 de gastos	24.979.495,88euros
---------------------------------	--------------------

Polo tanto, cúmprirose o principio de estabilidade orzamentaria, presentando estabilidade orzamentaria sen axustar por importe de **559.968,65€**.

Agora ben Para a medición da capacidade de financiamento dunha Entidade terase en conta as previsións de Ingresos dos Capítulos (1 a 7) do Estado de Ingresos, menos as previsións de gastos dos Capítulos (1 a 7) do Estado de Gastos máis/menos os axustes a aplicar ó saldo resultante dos Ingresos e Gastos non financeiros do Presuposto para relacionalo coa capacidade ou necesidade de financiamento calculada conforme al SEC95; na determinación dos axustes a aplicar teremos en conta a derradeira liquidación aprobada, (exercicio 2017), e o derradeiro informe trimestral de seguimento de execución do orzamento 2018, (3º trimestre), pero



actualizado a mes de decembro no referente ao saldo da conta 413, así como o informe da Interventora delegada no que á Fundación de Deportes se refire.

Así sobre a capacidade de financiamento obtida procederían os seguintes axustes:

CONCEPTO	AXUSTES CONCELLO	AXUSTES FUNDACIÓN
CAP.1 INGRESOS	-867.187,77	0,00
CAP.2 INGRESOS	-3.840,04	0,00
CAP.3 INGRESOS	-109.125,05	0,00
+ PTE 2008	56.199,60	0,00
+ PTE 2009	107.571,12	0,00
GRADO EJECUCIÓN GASTOS (+/-)	2.101.323,45	29.822,45
CUENTA 413	-39.467,60	-192,63
TOTAL	1.245.473,72	29.629,82

En consecuencia, o orzamento prorrogado para o 2019 en termos consolidados SI cumpriría có principio de estabilidade orzamentaria presentando unha capacidade de financiamento de 1.835.072,19€:

ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA EN TERMOS CONSOLIDADOS	
Ingresos non financeiros =	25.634.359,54
Gastos non financeiros =	25.074.390,88
Necesidade/Capacidade financiación	559.968,65
Necesidade/Capacidade financiación Fundación de Deportes	0,00
AXUSTES (+/-) CONCELLO	1.245.473,72
AXUSTES (+/-) FUNDACION DEPORTES	29.629,82
CAPACIDADE/NECESIDADE AXUSTADA	1.835.072,19

3.- Cumprimento da Regra de Gasto:

Trala modificación da Orde HAP que desenvolve as obrigas de subministro de información contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Orzamentaria 2/2012, de 27 de abril, xa non é obrigado informar a regra de gasto con ocasión da aprobación dos orzamentos senon exclusivamente con ocasión da súa liquidación, e polo tanto tampouco sería obrigado informar o seu cumprimento no caso de prórroga; non obstante debido a que si segue sendo obrigada a aprobación dun dun teito de gasto non financeiro o cal debe ser acorde coa regra do gasto e o principio de estabilidade orzamentaria, inda que non é obrigado informar o seu cumprimento si é necesario proceder ao seu cálculo.

A regra de gasto aparece regulada no artigo 12 da LO 2/2012.



Entenderase por gasto computable, os empregos non financeiros definidos en termos do SEC, excluídos os xuros da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou de outras Administración Públicas e as transferencias ás CCAA e ás EELL vinculadas aos sistemas de financiación.

O Ministerio de Facenda e AAPP elaborou unha guía practica para a determinación da regra do gasto. Por aplicación desta guía procede realizar os seguintes axustes:

- (-) Gastos aplicados ao orzamento correspondentes a outros exercicios;(saldo da conta 413).Para cada exercicio se aplica o importe que se estima resultará da diferenza entre o importe das obrigas aboadas ao longo do exercicio, (actualizado ao mes de decembro) e o importe que se estima quedará pendente de aplicar a 31 de decembro de cada exercicio..
- Porcentaxe de inexecución de gasto: Se obtén pola media de inexecución dos derradeiros tres exercicios 2016-2018, se ben dada a natureza prorrogada deste orzamento que no contempla crédito para investimentos (cap 6 e 7), únicamente se toma en consideración a porcentaxe dos capítulos 1, 2 e 4.Para os exercicios 2016 e 2017 se toman os datos das respectivas liquidacións e para o 2018 os datos do derradeiro informe de seguimento de execución orzamentaria trimestral.
- (-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes de diferentes axentes financiadores, (Deputación, Estado, Comunidade Autónoma U.E e outros):

Para o axuste polos ingresos finalistas no exercicio 2018 tomase como referencia o importe DRI obtido a mes de decembro para todos os conceptos dos capítulos 4 e 7 de ingresos agás os correspondentes á PIE e á compensación por beneficios fiscais (42000 e 42020) e ao FCL (45000); e para o exercicio 2019 por prudencia tómanse as PI do 2018 pese a que se trata de previsións non actualizadas para fondo finalistas nos que a evolución tendencial amosa un aumento ou cando menos que se manteñan.

- (-) Se desconta de ambos exercicios a comparar o importe das transferencias internas entre entidades do grupo.
- Finalmente o límite de gasto computable, en aplicación do apartado 4º do mesmo artigo 12 pode verse incrementado polo importe dos DR que deriven de cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recadación (xa sexa voluntaria ou executiva); tendo en conta que o orzamento 2019 é un orzamento prorrogado, non se aplicará axuste algún por este concepto.

A taxa de referencia para o exercicio 2019 foi aprobada polo Consejo de Ministros en reunión celebrada o día 20 de xullo de 2018, quedando establecida no **2,7%**.



No referente os datos da fundación de Deportes, pártese do informe elaborado pola Interventora delegada:

FUNDACION		
CONCEPTO	PREV. LI- QUID. 2018	PRESUPOSTO 2019
1-Suma dos capítulos 1 a 7 de gastos (sen intereses da débeda)	1.106.275,00	1.146.845,00
2-AXUSTES Cálculo empregos non financeiros segundo SEC	192,63	-29.822,45
Inxecución (-)	0,00	-29.822,45
3-Empregos non finan. en término. SEC excepto intereses (1-2)	1.106.467,63	1.117.022,55
4-Pagos por trasferencias internas (-)	0,00	0,00
5-Gastos financiados con fondos finalistas (-)	-6.000,00	-6.000,00
U.E	0,00	0,00
ESTADO	0,00	0,00
C.A.	0,00	0,00
DIPUTACIONES	-6.000,00	-6.000,00
OUTRAS ADMIN. PBLCAS.	0,00	0,00
6-Transfe. Fondos de sistemas de financiación (-)	0,00	0,00
TOTAL GASTO COMPUTABLE EJERCICIO (3+4+5+6)	1.100.467,63	1.111.022,55

O orzamento prorrogado para o 2019 do Concello de Vilagarcía de Arousa, cumpre sobradamente en termos consolidados coa regra de gasto, contando cunha marxe elevada de **2.555.315,74€**, o cal obedece á subida da taxa de referencia así como aos axustes á baixa operados sobre o estado de gastos por importe global de 1.173.597,16€ como consecuencia da prórroga orzamentaria, principalmente o gasto financiado con operación de crédito (1.130.000,00€), que si engadía o orzamento 2018:

ENTIDAD	G.COMPUTABLE 18	TAXA DE REFER	LÍMITE REGRA	G. COMPU. 2019
CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA	21.888.752,07	2,70%	22.479.748,38	19.943.590,34
P.M. SERVICIOS DEPORTIVOS MUNICIPALES	1.100.467,63	2,70%	1.130.180,26	1.111.022,55
TOTAL	22.989.219,70		23.609.928,63	21.054.612,89
DIFERENCIA ENTRE LIMITE R.G.2018 Y G C. 2019	2.555.315,74			
% DE INCREMENTO O	-10,8231%			



DISMINUCION GC 2018/2019	
-----------------------------	--

4.- Teito de Gasto non financeiro

O teito de gasto non financeiro do Concello de Vilagarcía de Arousa para o exercicio 2019, que debe ser coherente có obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto analizados no presente informe da Intervención municipal; en termos consolidados, ascende a **24.221.426,37€** tal e como queda xustificado na seguinte táboa:

TEITO DE GASTO CONSOLIDADO	
COHERENCIA CÓ LÍMITE DE ESTABILIDADE	
CAPITULOS 1-7 INGRESOS	24.614.739,08
CAPÍTUSLO 1-7 GASTOS	22.779.666,89
NECESIDAD/CAPACIDAD FINANCIACIÓN	1.835.072,19
COHERENCIA COA REGRA DE GASTO	
GASTO COMPUTABLE 2018+CAP 3 E INGRESOS FINALISTAS 2019	24.221.426,37

LÍM.GASTO NO FINANCIERO	
Límite Gasto no financ / partiendo de Regla de Gasto	24.221.426,37
Límite Gasto no financ /Cálculos Estabilidad presusp.	24.614.739,08

DÉCIMO: Cumprimento das liñas fundamentais orzamentarias para o exercicio 2019.

As liñas fundamentais do Orzamento 2019 aprobadas mediante resolución de alcaldía de data 13 de setembro de 2018, dentro do marco orzamentario consolidado a medio prazo aprobado para o período 2019-2021, foron as seguintes:

TOTAL CONSOLIDADO	LIÑAS FUN- DAM.	ORZAMENTO	DESVIACIÓNS
TOTAL	25.779.317,13 €	25.806.229,94 €	26.912,81 €
TOTAL INGRESOS CORRIENTES	25.575.896,73 €	25.602.809,54 €	26.912,81 €
TOTAL INGRESOS NO FINANCI- ROS	25.629.317,13 €	25.656.229,94 €	26.912,81 €
TOTAL INGRESOS DE CAPITAL	53.420,40 €	53.420,40 €	0,00 €



TOTAL INGRESOS FINANCIEROS	150.000,00 €	150.000,00 €	0,00 €
TOTAL CONSOLIDADO	LIÑAS FUN- DAM.	ORZAMENTO	DESVIACIÓN
TOTAL	25.779.317,13 €	25.587.383,54 €	-191.933,59 €
TOTAL GASTOS CORRIENTES	23.751.227,16 €	23.312.499,22 €	-438.727,94 €
TOTAL GASTOS NO FINANCIEROS	23.896.244,49 €	23.584.682,03 €	-311.562,46 €
TOTAL GASTOS DE CAPITAL	145.017,33 €	272.182,81 €	127.165,48 €
TOTAL GASTOS FINANCIEROS	1.883.072,64 €	2.002.701,51 €	119.628,87 €

Como é lóxico existen desviacións á baixa entre o orzamento prorrogado para o exercicio 2019 e as liñas fundamentais para o 2019 principalmente no que á carga financeira e os gastos de capital se refire, como consecuencia do propio mecanismo da prórroga orzamentaria, que obriga a axustar a baixa o capítulo 6 e que mantén idénticos os capítulos 3 e 9 de gastos sen actualización do estado da débeda que en todo caso sería menor, e polo tanto non poden ser tidas en conta posto que se trata dun orzamento prorrogado que non recolle políticas de gasto nin medidas fiscais que si se tiveron en conta na confección das liñas fundamentais 2019 nas que se engadía un préstamo por 1.200.000,00€ e unha actualización das previsións iniciais en base a á media de DRN no 1º semestre 2018.

CONCLUSIÓNS:

1.- O orzamento do exercicio 2018 prorrogado o exercicio 2019 cumpre cos obxectivos fiscais de regra de gasto, estabilidade e débeda financeira.

2.- O orzamento do exercicio 2018 prorrogado o exercicio 2019, mantense dentro das liñas fundamentais do orzamento 2019 aprobadas mediante resolución de alcaldía de 13 de setembro de 2018, sendo as desviacións á baixa existentes consecuencia directa da aplicación da normativa imperante en materia e prórroga orzamentaria.

3.- O orzamento se presenta cun superávit inicial de **43.597,16€** e resulta inferior o anteproxecto de orzamento para o exercicio 2019 nun **4%**, o cal deberá ser aprobado coa maior celeridade posible habida conta dos cambios normativos en materia de gastos do persoal do sector público dos que se deriva un incremento do 2,25% para o 2019, a subida do SMI, así como e existencia de licitacións de importantes contratos administrativos como o SAF ou a limpeza viaria e recollida do lixo entre outros, gastos para os que o orzamento prorrogado carece da dotación suficiente e axeitada.

Polo tanto, no caso de que a prórroga se extenda por un período de que faga peligrar estas obrigas de gasto potenciais, esta Intervención realizará as retencións de crédito que estime oportunas así como se realizará proposta de para declaración plenaria de non dispoñibilidade daquelas dotacións que estime necesarias.



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Intervención Municipal

Praza Ravela, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 099 200 ext. 425/428 · F 986 501 109
CIF: P/3606000 B
intervencion@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

Este informe non ten carácter vinculante e, en consecuencia, a responsable da súa emisión sométese a outro mellor fundamentado en dereito; non obstante o órgano competente, co seu mellor criterio, decidirá.

Vilagarcía de Arousa, 28 de decembro de 2018.

A INTERVENTORA,

Asdo: Trinidad Gómez Reiríz